



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

XINCANAS

**CUNCA E
NÉCORA
EXPERTXS**



“**Cunca e nécora EXPERTXS**” son unhas **xincanas** a realizar na cidade de Pontevedra.

Esta actividade de **promoción económica** ten como obxectivo **dar a coñecer aos participantes o encanto da cidade de Pontevedra**. Estes, terán que ir seguindo o percorrido proposto a través de **vídeos e audios**, reuníndose coas monitoras en puntos estratéxicos, onde terán que responder **preguntas** e resolver **adiviñanzas** que xiran sempre en torno á historia da Boa Vila.

Como recompensa e actuando coma se fosen “**estacións de repostaxe**”, están planeadas **tres paradas** en diferentes locais con encanto da cidade, onde ademáis de seguir conectadxs coas historias propostas, os participantes poderán desfrutar dun **viño** e **pincho** acorde coa **gastronomía galega**.

O xeito de participar será o seguinte:

Os participantes terán que **anotarse** previamente no email **turinapontevedra@gmail.com**.

Unha vez confirmada a praza, deberán **abonar os 10€ de cota** na Casa da Luz, onde se lles será entregado un ticket.



Unha vez feito e confirmado o pago polas monitoras, recibirán nun **email** a **información precisa** para realizar a actividade (necesidades, lugar, día e hora de encontro)

No día establecido para a xincana, deberán estar á **hora** e no **lugar indicados** para dar comezo a actividade.

As datas elixidas para as xincanas son:

5 de outubro: de 20.30h a 22.30h.

6 de outubro: de 12h a 14h.

12 de outubro: de 20.30h a 22.30h.

13 de outubro: de 12h a 14h.

19 de outubro: de 20.30h a 22.30h.

20 de outubro: de 12h a 14h.